



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Táboas Veleiro e Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Iniciáronse na Residencia da 3ª idade da Estrada obras de reparación das instalacións sen terán en conta aos residentes que alí se atopan. Obras que polas súas características terían que iniciarse nos meses de verán; por ser nese tempo cando se dan as condicións meteorolóxicas máis acaídas para realizar este tipo de traballo e non no mes de Outubro como se fixo.

A situación neste momento pode ser calificada de lamentable, xa que as/os residentes que alí se atopan están a vivir cunha total falla de condicións mínimas de habitabilidade.

E por iso que os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Pensa o Goberno galego que se fixo unha planificación axcitada no plan de obras para a reforma da residencia de maiores da Estrada para compatibilizar estas, cunhas condicións de habitabilidade mínimas para as persoas que alí residen.

Santiago de Compostela, 30 de Novembro de 2009

Asdo. **Teresa Táboas Veleiro**

**Carlos Aymerich Cano**

Deputada e Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Táboas Veleiro na data 30/11/2009 17:40:48**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 30/11/2009 17:40:53**